

34.- EXTRACTO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 16 DE AGOSTO DE 2016.

Alcalde-Presidente:

D. RAFAEL LUÍS CUIÑA APARICIO.

Concelleiros:

D^a. TERESA VARELA FISTEUS.

D^a. KATIA MARGARET PROCINO TOIMIL.

D. TOMÁS VILARIÑO FIDALGO.

D. NICOLÁS MARÍA GONZÁLEZ CASARES.

D^a. CELIA ALONSO CARAMÉS.

D^a. LARA RODRÍGUEZ PEÑA.

D. FRANCISCO XAVIER VILARIÑO TABOADA.

Secretario Accidental:

D. JORGE GARCÍA FERNÁNDEZ.

Interventora Accidental:

M^a CARMEN MÉIJOME ÁLVAREZ

1.- APROBACIÓN DA ACTA NÚM. 33/2016 DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL CELEBRADA O DÍA 8 DE AGOSTO DE 2016.

Acordouse aprobar a acta núm. 33/2016 da sesión celebrada pola Xunta de Goberno Local o día 8 de agosto de 2016, e proceder á súa transcripción ao libro de actas.

2.- ESTUDO DE DETALLE.-

2.1.- Acordouse **aprobar inicialmente o ESTUDO DE DETALLE DA URBANIZACIÓN “Agro de Lalín de Arriba” - LALÍN**, formulado polo Concello de Lalín, redactado polo arquitecto Javier Bugallo Thielen con data agosto 2016 e someter o citado estudo de detalle a información pública, polo prazo dun mes titulares catastrais dos terreos afectados.

3.- PROXECTO DE URBANIZACIÓN.-

3.1.- Acordouse **aprobar definitivamente o PROXECTO DE**

URBANIZACIÓN (MODIFICADO) ENTRE RÚA 9 E RÚA PENA AGUDA (FEÁS) – LALÍN, redactado polo arquitecto José Ramón Romero Riádigos e visado con data 11/01/16 COAG; coas condicións recollidas no informe transcrito, de data 12/05/16, emitido para o efecto polo asesor urbanístico municipal.

4.- EXPEDIENTES DE CONTRATACIÓN.-

4.1.- Acordouse iniciar o expediente de contratación denominado **“REFORZO DO PAVIMENTO EN PISTAS DE SOUTOLONGO, SELLO E MONEIXAS” (PLAN CONCELLOS 2016)**, mediante procedemento aberto, trámite urgente e varios criterios de valoración, con orzamento máximo de licitación de 52.346,28 € máis a partida correspondente ao IVE (importe total 63.339,00), e un prazo máximo de execución de 1 mes.

4.2.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 4.682,70 € (IVE incluído) con destino á contratación do servizo detallado na citada memoria denominada **“REPINTADO FAROLAS ZONA ESTATUA LORIGA E RÚA MATEMÁTICO RODRÍGUEZ – LALÍN”**, con suxeición ao réxime dos contratos menores e contratar con **Adrián Fernández Taboada**, con arranxo ao orzamento por el remitido, por un importe de 4.682,70 € (IVE incluído).

5.- EXPEDIENTES DE PERSOAL.-

5.1.- Acordouse **contratar e nomear** ao aspirante que acadou maior puntuación na súa cualificación final, superando así as probas selectivas, para ocupar a praza de Arquitecto municipal en réxime de funcionario interino.

5.2.- Vista a acta a Acta correspondente á realización e cualificación do terceiro exercicio (proba práctica) e da proba de coñecemento da lingua galega da fase de oposición, valoración de méritos da fase de concurso, cualificacións finais e proposta do Tribunal do proceso de selección para a contratación de dous **condutores de vehículo motobomba** en calidade de persoal laboral temporal a xornada completa para a participación en tarefas de prevención e defensa contra incendios forestais, acordouse contratar aos aspirantes que obtiveron as maiores cualificacións finais no proceso de selección.

6.1.- FACTURAS E CONTAS.

6.1.- Acordouse **aprobar e declarar de abono** a relación de facturas nº 00101, por importe de 83.500,03 €.

7.- PROPOSTAS DOS SRES. CONCELLEIROS DELEGADOS.-

7.1.- Acordouse **aprobar a lista cobratoria** correspondente aos abonos mensuais do Prezo Público pola prestación de servizos de aparcamento no parking Europa, correspondente ao mes de agosto do 2016 por importe Total de 1.020,00 €.

7.2.- Acordouse **solicitar unha subvención** á Concellería de Política Social ao abeiro de dita Orde de 4 de xullo de 2016, para o programa dirixido á **inclusión social da poboación inmigrante**, por importe de 39.577,82 €.

7.3.- Acordouse manter a **adhesión do Concello de Lalín ao programa Depo Rúarte 2016**, e **solicitar unha nova actividade** do catálogo ofertado pola Deputación de Pontevedra, denominado “Crea o teu Fanzine”.

7.4.- Acordouse **aprobar as liquidacións** en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, correspondente ao mes de **XULLO de 2016**, por importe total de 739,68 € e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Libre Concorrenza, prestado durante o mes de XULLO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello de 4.287,20 €.

7.5.- Acordouse **aprobar as liquidacións** en concepto de prezo público pola prestación do servizo de Axuda no Fogar na modalidade de Dependencia, correspondente ao mes de **XULLO de 2016** por importe total de 6.986,62 €, e aprobar a liquidación presentada pola concesionaria GALAUREA, S.L., relativa ao Servizo de Axuda no Fogar na modalidade Dependencia, prestado durante o mes de XULLO do presente ano, que supón un importe líquido a pagar polo Concello por importe total de 28.983,13 €.

7.6.- Acordouse **conceder as subvencións** para actividades a desenvolver polas asociacións de mulleres durante o ano 2016 e por importe total de 9.500 euros.

7.7.- Acordouse autorizar e comprometer un gasto por importe de 390,00 € para a realización do **curso de formación para o persoal de extinción de incendios forestais**, en concreto para dous condutores de vehículo motobomba ao abeiro do Convenio de Colaboración suscrito entre a Consellería do Medio Rural e do Mar e o Concello de Lalín para a participación na prevención e defensa contra incendios forestais durante os anos 2016, 2017 e 2018,

cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) no marco do PDR de Galicia 2014-2020; e contratar coa Academia Master Lalín SLNE a realización dese curso, segundo o orzamento remitido, polo importe citado.

8.- CORRECIÓN DE ERROS.-

8.1.- Corrixíronse os erros padecidos na redacción do punto 6.3. da acta da Xunta de Goberno Local correspondente ao día 2 de agosto de 2016.

8.2.- Corrixíuse o erro detectado nas Bases Reguladoras do Programa de axudas municipais para a creación de empresas no Concello de Lalín, aprobadas pola Xunta de Goberno Local na sesión celebrada o día 11 de xullo de 2016.

8.3.- Corrixíuse o erro detectado no Anexo I apartado K) do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que rexen no expediente CO032016, aprobado por acordo da Xunta de Goberno Local de 27 de xuño de 2016.

9.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.-

9.1.- Deuse conta do Requirimento laboral da **Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social de Pontevedra**, de data 19 de xullo de 2016, recibida o 5 de agosto de 2016, polo cal se require ao Padroado Cultural de Lalín para transformar os contratos temporais de doce traballadores en indefinidos.

9.2.- Deuse conta do escrito no que solicita autorización municipal para instalar un stand informativo de aproximadamente 4 m², para a campaña “A reciclaxe é o camiño” que a Xunta de Galicia levará a cabo en Lalín dende o día 11 ata o 18 de marzo de 2017, sendo necesaria unha toma de corrente.

9.3.- Concedeuse **autorización** para realizar un acto de partido na Carballeira do Rodo, así como para utilizar a mesa de pedra da Carballeira, o día 3 de setembro entre as 08:00 e as 22:00 horas, debendo deixar o lugar en perfectas condicións de limpeza, tras a súa utilización, sendo responsables os solicitantes.

9.4.- Deuse conta do escrito no que solicita unha subvención por importe total de 6405,78 euros, para cubrir os gastos de transporte de 754 kg de medicamentos procedentes da campaña de recolecta de medicamentos para Venezuela que se celebrou os días 2 e 3 de xullo de 2016.

9.5.- Concedeuse **autorización** para a utilización da pista de cemento do pavillón municipal de Deportes de Lalín para a realización do acto de partido para o día 3 de setembro programado na Carballeira do Rodo (para o cal xa se tramitou a oportuna solicitude), no caso de que as condicións climatolóxicas impidan a celebración do evento na citada carballeira e ante a imposibilidade de instalar nese lugar unha carpa.

9.6.- Deuse conta do escrito presentado para solicitar o uso do Local Social de Donramiro ou doutro local social que teña cociña e fregadeiro coa finalidade de celebrar un curso de Elaboración de Queixo e derivados lácteos, que se vai celebrar os días 19, 20, 21, 22 e 23 de setembro en horario de 10:00 a 14:00 e de 16:00 a 20:00 horas.

9.7.- Concedeuse **autorización municipal** para reservar 9 metros de zona de aparcamento na rúa Pintor Laxeiro á altura do número 5 o día 19 de agosto de 2016 dende ás 18:00 horas ata as 22:00 horas do día 20 de agosto do 2016 para realizar unha mudanza.

9.8.- Concedeuse **autorización municipal** para o uso no de aulas e medios audiovisuais no Concello de Lalín para 25-30 alumnos os días 19 de de setembro de 2016 de 10:00 a 14:00 ou de 16.00 a 20:00 e para 15 alumnos do 17 de outubro ao 16 de novembro de 2016 en horario de luns a xoves de 9:00 a 18:00 e venres de 9:00 a 14:00 horas.
